



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Inspeccións Marítimas	Código	631G01314	
Titulación	Grao en Náutica e Transporte Marítimo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña			
Coordinación	Cao Feijóo, Genaro	Correo electrónico	genaro.cao@udc.es	
Profesorado	Cao Feijóo, Genaro	Correo electrónico	genaro.cao@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Que o alumnado coñeza os obxectivos, a normativa, procedementos, etc. respecto ás inspeccións que afectan á flota dende o ámbito marítimo terrestre. Especialmente aquelas como as do país rector do porto, do estado de bandeira do buque e das sociedades de clase.			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non ha trocos pero poderase simplificar na medida do posible a exposición dos contidos da materia, facendo unha selección dos que se consideren fundamentais de cara a garantir a adquisición das competencias e resultados de aprendizaxe esenciais.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Non ha trocos, conseguintemente as metodoloxías docentes se manteñen.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Para impartir/traballar tódalas metodoloxías empregárase o método de docencia máis axeitado (síncrona e/ou asíncrona), a través dos diversos programas, ferramentas ou plataformas dispostas pola UDC (sobre todo, seguindo a plataforma Moodle e as ferramentas do paquete Office 365, por exemplo, Outlook e/ou Teams)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Atención a distancia empregando o medio máis conveniente</p> <p>Teléfono (ext. 4313)/Outlook/Teams/Skype: Manterase o horario de titoría oficial aberta a canles de comunicación directa co alumnado.</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos? asociados aos módulos da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</p> <p>Teams: unha sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da Escola. Sesións adicionais segundo o demande o alumnado, ben nun grupo grande e/ou ben en grupos pequenos, segundo a demanda. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as metodoloxías de avaliación con excepción da Mesa Redonda e, ademais, trócase a porcentaxe no peso da cualificación, incluído a asistencia, participación e aproveitamento das clases no caso de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Avaliación continua: Proba obxectiva (exames parciais e/ou final) 50%; Obradoiro (Traballo 35%; Defensa 15%)</li><li>-Convocatoria do 1º cuatrimestre e 2ª oportunidade: Proba obxectiva (examen final) 100%.</li></ul> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na Guía Docente</p> <p>No referente ao ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? o profesor pon a disposición do alumno os apuntes actualizados da materia en Moodle, non se lle exige a asistencia a clase para a súa avaliación nas dúas oportunidades de xaneiro e xullo e no relativo ás titorías do profesor</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos? asociados aos módulos da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</p> <p>Teams: unha sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da Escola. Sesións adicionais segundo o demande o alumnado, ben en nun grupo grande, ben en grupos pequenos, segundo a demanda. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>
-----------------------------	---



Non ha trocos pero podería facilitarse bibliografía en Moodle mediante copias de partes de obras que non excederán o 10% do cómputo total da obra, así como webgrafía por medio de enlaces a biblioteca virtual da UDC.



## Competencias do título

Código	Competencias do título
A10	Redactar e interpretar documentación técnica e publicacións náuticas.
A43	Capacidade para levar a cabo labores de inspección en relación al cumprimento de los convenios y códigos internacionales relacionados con el ámbito marítimo.
A44	Capacidade para redactar informes técnicos.
A48	Capacidade para la planificación de inspecciones, auditorías internas y externas y elaboración de los correspondientes informes.
B13	Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da linguaxe científica.
B22	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C11	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partires dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
C12	Que os estudantes saiban comunicar as suas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sin ambigüidades

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o marco legislativo tanto internacional coma nacional sobre inspeccións marítimas	A43	B13	C6 C11
Aprender a elaborar informes correspondentes ás inspeccións realizadas	A43 A44 A48	B13	
Planificar e levar a cabo inspeccións que velan polo cumprimento dos Convenios e Códigos internacionais relacionados co eido marítimo	A10 A43 A44 A48	B22	C4 C11 C12

## Contidos

Temas	Subtemas
As Inspeccions do Estado de bandeira do buque:	O proceso de Inspección e aspectos que abarca. Os Certificados Estatutarios: Normativa para a certificación e análise dos requisitos esenciais para atinxir a obtención e renovación dos mesmos.
As Sociedades de Clasificación:	Estudio das súas funcións e análise do proceso para a obtención dos Certificados de Clase na fase de construción do buque e a súa renovación ao longo da vida do mesmo. O dobre papel das Sociedades de Clasificación.
As Regións MoU e o Estado Rector do Porto:	Análise desde a súa implantación, procedementos de inspección con especial referencia ao París MOU e consecuencias no transporte marítimo. Estudo pormenorizado das listas de comprobación a cumprimentar para atinxir un resultado satisfactorio.
As "Vetting inspections"	Xénese e evolución deste tipo de inspeccións; contido das mesmas e análises das listas de comprobación establecidas nos requirimentos de varias Compañías "Vetting" de prestixio.

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A44	2	0	2
Traballos tutelados	A43 C4 C12	5	30	35
Presentación oral	A10 A43 B13 B22 C6	5	18	23
Sesión maxistral	A10 A48 B13 B22 C11	30	60	90
Atención personalizada		0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Exame final.
Traballos tutelados	Traballos realizados polo alumnado (individuais e/ou en grupo) respecto dos contidos relacionados coa materia. Ao longo do cuadrimestre proporase un ou varios traballos en torno ao contido do temario que deberán fundamentarse coa bibliografía básica e complementaria da guía e con outra seleccionada polo profesorado e/ou polo estudantado. A súa realización iníciase na aula e completase mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións proporcionadas a través da atención personalizada do profesorado. A través da exposición na aula, compártanse os traballos realizados.
Presentación oral	Sobre os traballos tutelados.
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realízase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Presentación oral Sesión maxistral Traballos tutelados	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesor da materia.  A forma e o momento en que se desenvolverá indicase en relación con cada actividade ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia.  O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO NA UDC" desenvolverá a súa actividade coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen no Paso 4 "Planificación" e neste paso que nos ocupa "Atención personalizada" descrita para os Traballos tutelados, a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade farase atendendo ás observacións da avaliación relativas á flexibilidade de asistencia-participación e aos requisitos para superar a materia

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A44	Os criterios de avaliación contemplados no cadro A-II/1 do Código STCW, e recollido no Sistema de Garantía de Calidade, tenránse en conta a hora de deseñar e realizar a avaliación.	60



Presentación oral	A10 A43 B13 B22 C6	Para avaliar a exposición/presentación teránse en conta os seguintes aspectos:  - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva.	10
Sesión maxistral	A10 A48 B13 B22 C11	Os criterios de avaliación contemplados no cadro A-II/1 do Código STCW, e recollido no Sistema de Garantía de Calidade, tenránse en conta a hora de deseñar e realizar a avaliación.	10
Traballos tutelados	A43 C4 C12	Para avaliar os traballos teránse en conta na súa elaboración os seguintes aspectos:  - Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.  - Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles.	20

### Observacións avaliación

Os criterios de avaliación contemplados no cadro A-II/1 do Código STCW, e recollido no Sistema de Garantía de Calidade, tenránse en conta a hora de deseñar e realizar a avaliación.

Para

superar a materia seguindo a avaliación continua é necesario superar cada metodoloxía. Na sesión maxistral, asemade da asistencia ás aulas (consecuentemente, un mínimo do 50%) valorárase a participación do alumno.

O

alumnado que non siga ou supere a avaliación continua sempre terá a opción de presentarse a proba obxectiva. Consecuentemente, nesta circunstancia dita metodoloxía terá un valor na avaliación do 100%.

O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b; 4.3; 6.b e 7.5) (04/05/2017) poderá realizar as probas parciais, se as houber, sen necesidade de asistir o 50% das aulas presenciais, sempre e cando o mestre sexa debidamente informado ao principio do curso. Sen menoscabo do anterior, o profesor poderá encargarlle a este alumnado diferentes traballos (individuais e/ou en grupo) ao longo do curso para ser expostos no horario de titorías co gallo de puntuar na avaliación continua a parte proporcional do valor da sesión maxistral.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- IMO (2012). Procedimientos para la suovervision por el estado rector del puerto. - Zambonino Pulito, Maria (2008). Régimen Jurídico de la M.M.. - Kbowles Tim (2010). Tanker Vetting .Understanding the issues involved. - Kendel Lane. Buckley Janes (2009). The Bussines of Shipping.
----------------------------	--

**Bibliografía complementaria**

### Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías